

Asunto: solicitude de continuación do SNL de Vilagarcía de Arousa

Anxos Sobriño Pérez, como presidenta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), con CIF G-15542897, enderezo postal no apartado de correos 170 de Santiago de Compostela (CP 15702), enderezo electrónico info@ctnl.gal e teléfono de contacto 629 571 950,

EXPOÑO:

O Concello de Vilagarcía de Arousa leva contando **desde o ano 1990** cun **servizo de normalización lingüística (SNL) estable dotado dun posto técnico**, posto de traballo que figura recollido como persoal funcionario (grupo C1) coa denominación “encargado SNL” na última publicación da relación de postos de traballo asociada ao orzamento anual (BOP de Pontevedra do 16 de marzo de 2020: <https://i.gal/RMJrC>). Así mesmo, a entidade tamén conta cun **Regulamento do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vilagarcía de Arousa** (<https://i.gal/bKD2c>), onde se recollen desde 1999 as principais funcións deste departamento, entre as que están “levar a cabo proxectos que protexan o idioma galego e pular tanto pola súa normalización na Administración municipal coma no seu uso público” ou “coordinar as actividades e proxectos de normalización”. Entre estes proxectos de normalización lingüística podemos destacar accións no comercio, dirixidas á mocidade ou a recente participación no programa **Apego** (<http://apego.gal/quen-somos/>), proxecto colaborativo para mellorar a socialización da infancia en lingua galega.

Con todo, desde o pasado mes de agosto, por xubilación do seu técnico encargado, o servizo de normalización lingüística deste concello está sen actividade e sen continuidade inmediata.

As entidades locais de Galicia teñen entre as súas competencias a normalización lingüística, é dicir, a promoción do uso e do prestixio da lingua galega en todos os ámbitos de influencia da entidade. Así o aclararon (<https://i.gal/vhRBp>) en 2018 a



Dirección Xeral da Administración Local e a Secretaría Xeral de Política Lingüística, coa redacción e difusión do *Informe sobre a prestación do servizo de normalización lingüística pola Administración local en exercicio de competencia propia* (<https://i.gal/F1yH5>, incluído tamén como **anexo I**).

As ferramentas de traballo das administracións públicas para exercer as súas funcións son os **equipos técnicos especializados**, tanto no departamento de urbanismo ou no de servizos sociais como no de lingua. É imprescindible un departamento técnico ou SNL estable, dotado de persoal e orzamento suficiente, para analizar a situación da lingua na entidade local, no municipio ou na comarca, asesorar a entidade en política lingüística e para **planificar, xestionar, executar e avaliar accións e programas de normalización lingüística** que interveñan nas áreas prioritarias onde o galego perde prestixio ou utilidade. En definitiva, **os servizos de normalización lingüística son necesarios para que os concellos poidan exercer de forma eficaz as súas competencias en normalización lingüística.**

Alén disto, o traballo de normalización da lingua, que procura transformacións sociais e o afianzamento da autoestima lingüística, necesita ser desenvolvido con continuidade para non perder eficiencia. A paralización dun servizo deste tipo non supón unha simple interrupción temporal do traballo, senón un retroceso no labor cotián e na implantación do departamento técnico na institución. Mais este retroceso é facilmente evitable no caso de Vilagarcía de Arousa cunha próxima cobertura da praza de técnica/o de normalización lingüística.

Por outra parte, a necesidade de cobertura de novo da praza de técnica/o de normalización lingüística é unha oportunidade para perfilala profesionalmente dunha forma máis acorde coas funcións dos SNL (incluímos como **anexo II** a relación de funcións dun servizo de normalización lingüística, <https://i.gal/WJEx8>). A ordes de axudas de subvencións para SNL que convocan a Xunta de Galicia (a última no DOG do 16 de xullo de 2020: <https://i.gal/JmldM>) e a Deputación Provincial de Pontevedra (a máis recente foi publicada no BOP de Pontevedra do 17 de xullo de 2020: <https://i.gal/hel3z>) inclúen a devandita relación de funcións e establecen como **perfil profesional da persoa**

responsable do servizo o seu encadramento dentro do grupo I de cotización do réxime xeral da Seguridade Social (co requirimento de titulación correspondente).

Polo tanto, SOLICITO:

- Que o **Concello de Vilagarcía de Arousa cubra** o antes posible o **posto vacante de técnica/o de normalización lingüística asignándolle un perfil profesional adecuado ás funcións que deben desenvolver os SNL**, para continuar contando cun **departamento especializado** que **planifique, xestione, execute e avalíe accións e programas de normalización lingüística**.

Pontevedra, 12 de xaneiro de 2021

Anexos:

- I. Informe sobre a prestación do servizo de normalización lingüística pola Administración local en exercicio de competencia propia
- II. Relación de funcións dun servizo de normalización lingüística